

O exame consta de **4 preguntas de resposta obligatoria**: a primeira de 4 puntos e as demais de 2 puntos. As tres primeiras son apartados optativos; a cuarta con posibilidade de elección.

PREGUNTA 1. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (4 puntos)

1.1. Lea atentamente o seguinte texto e explique o sentido da arte na obra artística de inicios do século XX. **(2 puntos)**


"O cubismo diferénciase da antiga pintura porque non é arte de imitación, senón de pensamento que tende a elevarse ata a creación.

Ao presentar a realidade-concibida ou a realidade-creada, o pintor pode dar a aparenzia das tres dimensíons, pode, en certo modo, cubicar."

Guillaume Apollinaire, 1913 primeiro capítulo de *Méditations esthetiques. Les peintres cubistes*. Recollido por De Micheli, Mario (1981): *Las vanguardias artísticas del siglo XX*. Madrid: Alianza Forma, páxina 365.

1.2. Sendo vostede guía en prácticas no MoMA de Nova York, debe explicar o sentido do cubismo a un grupo de turistas xaponeses, perplexos ante a obra *Les Demoiselles d'Avignon* de Pablo Picasso.

(2 puntos)



PICASSO, Pablo (1907): *Les Demoiselles d'Avignon*. Óleo sobre tea, 243,9 x 233,7 cm, MoMA, Midtown, Nova York.

PREGUNTA 2. ARTE E EXPRESIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Joseph Mallord William Turner. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.



TURNER, Joseph Mallord William 1834-1835: *The Burning of the House of Lords and Commons, 16th October 1834*. Óleo sobre tea, (92,1 x 123,2 cm), Philadelphia Museum of Art.

PREGUNTA 3. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de **Wassily Kandinsky**. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.



KANDINSKY, Wassily, 1914: "Improvisation Klamm". Óleo sobre tea, (110 x 110 cm.). Lenbachhaus, Munich.

PREGUNTA 4. OS FUNDAMENTOS DA ARTE. (2 puntos)

Atendendo ao contido simbólico e á diferenza de percepción entre a época das obras propostas e a actualidade, compare unha delas con obras doutros autores ou autoras, ainda que sexan de diferentes disciplinas artísticas:

- 4.1. "The Burning of the House of Lords and Commons, 16th October 1834" de Turner. (2 puntos)
- 4.2. "Improvisation Klamm" de Kandinsky. (2 puntos)